

# Guía Árbores senlleiras de Padrón

Deseño e maquetación: **Xiana Isabel Ferrón Gilino**
Ilustracións: **Carmen Obeso Sánchez**
Fotografía: **Concello de Padrón**

# Mapa de Padrón
## Mapa de Padrón










# Como ler esta guía
## Cómo leer esta guía

| | |
|---|---|
| Forma copa / Forma copa | columnar piramidal / columnar piramidal; arredondada / redondeada; palmiforme / palmiforme; piramidal / piramidal; ovoide / ovoide |
| Caduco ou perenne / Caduco o perenne | caducifolia / caducifolio; perennifolia / perennifolio |
| Folla simple/composta / Hoja simple/compuesta | simple / simple; composta / compuesta |
| Disposición folla / Disposición hoja | alterna / alterna; oposta / opuesta |
| Forma folla / Forma hoja | ovovada / obovada; de ril / reniforme; acicular / acicular; ovalada / ovalada; palmada / palmeada; lanceolada / lanceolada; pinnada / pinnada |
| Bordo folla / Borde hoja | lobulado / lobulado; enteiro / entero; dentado / dentado; ondulado / ondulado |

Idade Edad
Familia Familia

# Introdución
# Introducción

O Concello de Padrón conta con 9 elementos naturais no catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia, sendo unha das principais vilas galegas con maior número de elementos inscritos nel, os cales imos a coñecer a través desta guía.

Cada un dos elementos está vencellado aos lugares máis emblemáticos de Padrón, coma o casco vello, a Igrexa de Santa María a Maior de Iria Flavia, o Mosteiro de Herbón, a Casa - Museo Rosalía de Castro ou o propio Camiño de Santiago.

Invitámoste a coñecer Padrón e cada un dos seus recunchos, cheos de historia, cultura, natureza e maxia.



Xardín Botánico de Padrón
Jardín Botánico de Padrón

El Ayuntamiento de Padrón cuenta con 9 elementos naturales en el catálogo de Árboles Singulares de Galicia, siendo una de las principales villas gallegas con mayor número de elementos inscritos en él, los cuales vamos a conocer a través de esta guía.

Cada uno de los elementos está vinculado a los lugares más emblemáticos de Padrón, como el casco viejo, la Iglesia de Santa María La Mayor de Iria Flavia, el Monasterio de Herbón, la Casa - Museo Rosalía de Castro o el propio Camino de Santiago.

Te invitamos a conocer Padrón y cada uno de sus entresijos, llenos de historia, cultura, naturaleza y magia.

# Padrón _ Un pouco de historia
# Padrón _ Un poco de historia

Padrón, municipio situado ao sur da provincia de A Coruña, límite coa de Pontevedra, aséntase na ampla veiga entre os ríos Ulla e Sar, porta natural da Ría de Arousa.

Padrón ten unha estreita relación coa orixe da tradición Apostólica e o Camiño de Santiago ata o punto de que o propio topónimo deriva da palabra "Pedrón" (unha ara romana) á cal, segundo a tradición, foi amarrada a barca que transportaba o corpo do Apóstolo Santiago.

A Vila ten a súa orixe no s.X, como un alfoz de Iria Flavia, xurdindo ao lado dun río: o Sar, que ata ben entrada a Idade Media, era navegable.

Padrón xurde nunha encrucillada de camiños, un lugar de peregrinacións xacobeas. A estrutura urbanística conserva unha disposición medieval, as rúas son estreitas e dispóñense arredor dun

eixe central, a Rúa Longa, da que transversalmente parten as demáis, intercaladas por pequenas praciñas.

Ata a Idade Moderna posuía dous portos: un exterior no río Ulla, no lugar de A Ponte, e outro interior en Murgadán, á beira do río Sar.

O foro que lle concedeu o Rei Fernando II de León (1164) por ser o lugar da arribada do Apóstolo, transformou o burgo padronés nun núcleo urbano, obtendo a Vila exencións fiscais e privilexios políticos no reino da monarquía, confirmados por todos os monarcas ata o rei Felipe V (1701) e depositados no Arquivo Histórico Municipal.

No s.XVI Padrón padeceu os avatares da Revolta Irmandiña, constituíndose na Vila unha "irmandade" (1467) que levaría á destrución da fortaleza da Rocha Branca de Iria Flavia (un dos castelos máis fermosos do arcebispado) e da Torre Moucha, atalaia defensiva adosada á Igrexa Parroquial.

Desde o s.XVIII ostenta a denominación de moi leal e nobre Vila de Padrón.

Padrón consegue a denominación de Municipio Turístico de Galicia o pasado 7 de febreiro do ano 2000, sendo o turismo unha das fontes económicas da Vila.


Xardín Botánico de Padrón
Jardín Botánico de Padrón

Padrón, municipio situado al sur de la provincia de A Coruña, límite con la de Pontevedra, se asienta en la amplia vega entre los ríos Ulla y Sar, puerta natural de la Ría de Arousa.

Padrón tiene una estrecha relación con el origen de la tradición Apostólica y el Camino de Santiago, hasta el punto de que el propio topónimo deriva de la palabra "Pedrón" (un ara romana) a la cual, según la tradición, se amarró la barca que transportaba el cuerpo del Apóstol Santiago.

La Villa tiene su origen en el s.X, como un alfoz de Iria Flavia, surgiendo al lado de un río, el Sar, que, hasta bien entrada la Edad Media, era navegable.

Padrón surge en una encrucijada de caminos, un lugar de peregrinaciones jacobeas. La estructura urbanística conserva una disposición medieval, las calles son estrechas y se disponen alrededor de un eje central, Rúa Longa, de la que transversalmente parten las demás, intercaladas por pequeñas plazas.

Hasta la Edad Moderna poseía dos puertos: un exterior en el río Ulla, en el lugar de A Ponte, y otro interior en Murgadán, al lado del río Sar.

El foro que le concedió el Rey Fernando II de León (1164) por ser el lugar de la arribada del Apóstol, transformó el burgo padronés en un núcleo urbano, obteniendo la Villa exenciones fiscales y privilegios políticos en el reino de la monarquía, confirmados por todos los monarcas hasta el rey Felipe V (1701) y depositados en el Archivo Histórico Municipal.

En el s.XVI Padrón padeció los avatares de la Revuelta Irmandiña, constituyéndose en la Villa una "hermandad" (1467) que llevaría a la destrucción de la fortaleza de la Rocha Branca de Iria Flavia (uno de los castillos más hermosos del arzobispado) y de la Torre Moucha, atalaya defensiva adosada a la Iglesia Parroquial.

Desde el s.XVIII ostenta la denominación de muy leal y noble Villa de Padrón.

Padrón consigue la denominación de Municipio Turístico de Galicia el pasado 7 de febrero del año 2000, siendo el turismo una de las fuentes económicas de la Villa.



# Carballo Fastixiado
## Roble Fastigiado
*Quercus Robur L. Fastigiata*






100-150 anos años
Fagáceas

O carballo fastixiado posúe como principal característica a súa forma piramidal-columnar. O tronco non se ramifica ata os 3,80m. A esa altura forma a cruz da que nacen as ramificacións que configuran a forma da súa copa, a cal acada un diámetro de 14,40m e unha altura de 25,70m.

El roble fastigiado o cupresiforme posee como principal característica su forma piramidal-columnar. El tronco no se ramifica hasta los 3,80m. A esa altura forma la cruz de la que nacen las ramificaciones que configuran la forma de su copa, la cual consigue un diámetro de 14,40m y una altura de 25,70m.

A base do tronco, provista de grandes contrafortes para robustecer a súa ancoraxe ao chan, ofrécenos un perímetro de 6,35 m, que se reduce onde rematan os contrafortes a 3,50 m.

La base del tronco, provisto de grandes contrafuertes para robustecer su anclaje al suelo, nos ofrece un perímetro de 6,35 m, que se reduce donde terminan los contrafuertes a 3,50 m.







Situado no **Xardín Botánico Artístico de Padrón**, un dos xardíns botánicos máis antigos de España e catalogado como Ben de Interese Cultural, o **Carballo Fastixiado** outórgalle personalidade e elegancia a dito xardín desde os seus primeiros tempos. A valía da súa especie, xunto ao seu monumental tamaño, fan deste carballo un dos máis interesantes e únicos de Galicia.

Situado en el **Jardín Botánico Artístico de Padrón**, uno de los jardines botánicos más antiguos de España y catalogado como Bien de Interés Cultural, el **Roble Fastigiado** le otorga personalidad y elegancia a dicho jardín desde sus primeros tiempos. La valía de su especie, junto a su monumental tamaño, hacen de este roble uno de los más interesantes y únicos de Galicia.

**O BANCO DOS NAMORADOS EL BANCO DE LOS ENAMORADOS**

No Xardín Botánico, preto da escultura de Macías O Namorado *(páx.14)* e baixo a "Árbore dos Namorados", houbo durante decenas de anos un modesto banco de madeira onde as parellas de namorados dábanse cita para os seus romances e onde se escondían os rapaces padroneses para espiar durante a noite ás parellas que alí se daban encontro. Fai moitos anos alguén o retirou e Padrón estivo moito tempo sen este importante símbolo. Pero no ano 2010, baixo unha iniciativa popular liderada polo escultor padronés *Fernando Castaño* conseguiuse restituír. Tras 3 meses de traballo, *Fernando Castaño* esculpiu unha orixinal talla en madeira adornada con motivos relacionados e con ideas aportadas por todo o pobo. O banco foi (...)

### Folla Hoja

Caducifolia, de folla simple, disposición alterna, forma ovovada/rectangular, bordo lobado/fendido, de venación pinnada, de cor verde *(en caída cor cobre)*

Caducifolio, de hoja simple, disposición alterna, forma obovada/rectangular, borde lobulado/hendido, de venación pinnada, de color verde *(en caída color cobre)*



### Flor Flor

Unisexuais, de cor marrón, discreta e pouco chamativa. Marzo-maio.

Unisexuales, de color marrón, discreta y poco llamativa. Marzo-mayo.

### Froito Fruto

Landra. De forma alargada/oval, cor marrón e cuberta dura e seca. Setembro-novembro.

Bellota. De forma alargada/oval, color marrón y cubierta dura y seca. Septiembre-noviembre.





Banco dos Namorados
Banco de los Enamorados

(...) exposto nun comercio dunha esquina da praza de Macías ata acadar a cantidade necesaria para producilo en bronce gracias ás aportacións dos padroneses. E dende febreiro de 2011 o Xardín Botánico da villa rosaliana volveu a lucir o mítico banco dos namorados.

En el Jardín Botánico, cerca de la escultura de Macías El Enamorado (pág.14) y bajo el "Árbol de los Enamorados", hubo durante decenas de años un modesto banco de madera donde las parejas de enamorados se daban cita para sus romances y donde se escondían los chicos padroneses para espiar durante la noche a las parejas que allí se daban encuentro. Hace muchos años alguien lo retiró y Padrón estuvo mucho tiempo sin este importante símbolo. Pero en el año 2011, bajo una iniciativa popular liderada por el escultor padronés Fernando Castaño se consiguió restituir. Tras 3 meses de trabajo, Fernando Castaño esculpió una original talla en madera adornada con motivos relacionados y con ideas aportadas por todo el pueblo. El banco fue expuesto en un comercio de una esquina de la plaza de Macías hasta conseguir la cantidad necesaria para producirlo en bronce gracias a las aportacións de los padroneses. Y desde febrero de 2011 el Jardín Botánico de la villa rosaliana volvió a lucir el mítico banco de los enamorados.



O Carballo Fastixiado destaca pola súa peculiar forma estirada, con ramas verticáis dende a base,

El Roble Fastigiado destaca por su peculiar forma estirada, con ramas verticales desde la base.

Carballo Fastixiado
Roble Fastigiado

carballo f.

## 1. Sopa de letras :

| | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| P | S | Q | Q | C | J | L | S | B | U | I | A | P | C | G | W |
| I | Y | U | J | Q | Y | O | P | G | P | S | L | K | A | E | V |
| R | N | E | Z | N | J | B | D | O | S | T | T | G | D | Q | K |
| A | F | R | R | O | X | U | R | M | I | U | E | O | U | U | S |
| M | Z | C | G | Y | V | L | Z | U | Z | F | R | B | C | R | Y |
| I | Q | U | Q | X | R | A | O | A | O | I | N | O | I | M | U |
| D | L | S | Y | X | C | D | H | I | W | H | A | J | F | L | C |
| A | W | O | X | A | C | O | S | P | A | A | E | K | O | E | O |
| L | I | Y | L | T | I | O | I | O | A | E | F | Q | L | E | L |
| A | V | P | M | Q | R | I | K | F | I | R | J | H | I | I | U |
| B | O | T | Á | N | I | C | O | X | Y | Z | B | A | A | P | M |
| M | J | N | O | A | A | A | K | R | V | E | R | D | E | U | N |
| X | E | U | C | E | Y | E | U | P | Q | S | M | O | I | H | A |
| L | K | D | Z | C | P | X | A | T | Q | D | Y | V | O | H | R |
| T | F | L | Y | K | P | E | E | U | X | F | Z | U | A | P | Y |
| O | I | M | O | E | K | B | A | X | Q | E | Y | B | Y | E | W |

Atopa as 8 palabras relacionadas co carballo fastixiado.
Encuentra las 8 palabras relacionadas con en roble fastigiado.



# Coroa de Cristo
## Corona de Cristo
*Cercis Siliquastrum L.*

50-100 anos años
Leguminosa

O seu pé, cun perímetro basal de 0,50 m, divídese rápidamente, á altura de 0,25 m, onde nacen as 3 ramas principais que se ramifican profusamente e de forma enmarañada para configurar unha singular estrutura ou armazón vexetal, de perfil redondeado, coñecida como "Coroa de Cristo".




Su base, con un perímetro de 0,50m, se divide rápidamente, a la altura de 0,25m, donde nacen las 3 ramas principales que se ramifican profusamente y de forma enmarañada para configurar una estructura singular o armazón vegetal, de perfil redondeado, conocida como "Corona de Cristo".

## Xardín Botánico Artístico
## *Jardín Botánico Artístico*






Estamos ante outra das especies máis representativas do Xardín Botánico Artístico de Padrón. A singularidade desta árbore convértea nun exemplar bautizado popularmente con diversos nomes xa que, ademáis de ser chamada Coroa de Cristo (debido ao entrelazado natural circular que seguen as súas ponlas), hai quen se refire a ela como a árbore do amor (pois as súas follas teñen forma de corazón), ou tamén como a árbore de Xudas (segundo a crenza popular Xudas Iscariote puido terse aforcado empregando unha árbore desta especie). En definitiva, a presenza desta árbore capta a atención da maior parte dos visitantes do xardín botánico, pois a pesar de non ser das máis antigas, sí é considerada das máis especiais, sobre todo pola súa peculiar morfoloxía.

Estamos ante otra de las especies más representativas del Jardín Botánico Artístico de Padrón. La singularidad de este árbol lo convierte en un ejemplar bautizado popularmente con diversos nombres ya que, además de ser llamada Corona de Cristo (debido al entrelazado natural circular que siguen sus ramas), hay quien se refiere a él como el árbol del amor (ya que sus hojas tienen forma de corazón), o también como árbol de Judas (según la creencia popular Judas Iscariote se pudo haber ahorcado empleando un árbol de esta especie). En definitiva, la presencia de este árbol capta la atención de la mayor parte de los visitantes del Jardín Botánico, pues a pesar de no ser de los más antiguos, sí es considerado de los más especiales, sobre todo por su peculiar morfología.

coroa C.





### Flor Flor

De cor rosa, hermafroditas, amariposadas. 1-2cm de lonxitude. Agrúpanse en acios de 3-6 flores que aparecen en marzo-abril.

De color rosa, hermafroditas, amariposadas. 1-2cm de longitud. Se agrupan en racimos de 3-6 flores que aparecen antes que las hojas, en marzo-abril.



### Froito Fruto

Legume. Forma estreita. Cor parda avermellada. Colgantes, moi numerosos. 6-10cm por 1,5cm. Xullo.

Legumbre. Forma estrecha. Color pardo rojizo. Colgantes, muy numerosos. 6-10cm por 1,5cm. Julio.

### Folla Hoja

Caducifolia, de folla simple, disposición alterna, forma de ril, bordo enteiro, inervación palmeada. De cor verde clara na face superior e de ton lixeramente glauco no envés. Abril.

Caducifolio, de hoja simple, disposición alterna, forma acorazonada/reniforme, borde entero, inervación palmeada. De color verde claro en el haz y de tono ligeramente glauco en el envés. Abril.



Inda que non se trata dunha árbore lonxeva ou cunha forma chamativa, é un dos monumentos vexetáis de maior atractivo.

Aunque no se trate de un árbol longevo o con una forma llamativa, es uno de los monumentos vegetales de mayor atractivo.

Coroa de Cristo
Corona de Cristo



## 2. Un pouco de historia
## Un poco de historia

Un antigo mito di que nesta árbore aforcouse Xudas Iscariote despois de traizoar a Cristo, por iso tamén se lle da o nome de árbore de Xudas, o que probablemente sexa unha corrupción do nome común en francés "Arbre de Judée" que significa árbore de Judea, referíndose á rexión onde se da.

Un antiguo mito dice que en este árbol se ahorcó Judas Iscariote después de traicionar a Cristo, por ello se le da el nombre de árbol de Judas, lo que probablemente sea una corrupción del nombre común en francés "Arbre de Judée" que significa árbol de Judea, refiriéndose a la región donde se da.



Coroa de Cristo
Corona de Cristo



# Palmeira de Senegal

## Palmera de Senegal

*Phoenix Reclinata Jacq*

100 anos años
Arecácea

A Palmeira de Senegal foi traída do propio país africano (tal e como o seu nome indica) ao Xardín Botánico hai aproximadamente uns cen anos, e hoxe segue a ser considerada como unha das especies mellor conservada de toda España.




La Palmera de Senegal fue traída del propio país africano (tal y como su nombre indica) al Jardín Botánico hay aproximadamente unos cien años, y hoy sigue siendo considerada como una de las especies mejor conservada de toda España.

## Xardín Botánico Artístico
## *Jardín Botánico Artístico*







Chaman a atención os múltiples pés que nacen da mesma base e se expanden adornados de entrecruzadas follas de palma, follas que durante anos, foron protagonistas nas misas de Domingo de Ramos, pois eran moitos os veciños que adoitaban servirse delas para este acto litúrxico. Tampouco podería imaxinarse o Xardín Botánico sen a existencia desta especie, pois o dinamismo e toque exótico que lle aporta xogan a favor na súa identidade.

Llaman la atención los múltiples pies que nacen de la misma base y si expanden adornados de entrecruzadas hojas de palma, hojas que, durante años fueron protagonistas en las misas de Domingo de Ramos, pues eran muchos los vecinos que solían servirse de ellas para este acto litúrgico. Tampoco se podría imaginar el Jardín Botánico sin la existencia de esta especie, pues el dinamismo y toque exótico que le aporta juegan a favor en su identidad.

### Folla Hoja

Perennifolia, folla pinnada e recurvada, crecendo de 2,5 ata 4,5 m de lonxitude e 0,75 m de ancho, cor brillante ata o verde intenso con pecíolos de 30 cm con espiñas longas e afiadas na base, con 20 a 40 follas por coroa.

Os pés de maior tamaño superan os 12m de altura.

Los pies de mayor tamaño superan los 12m de altura.



Perennifolio, hojas pinnadas y recurvada, creciendo de 2,5 hasta 4,5m de longitud y 0,75m de ancho, color brillante hasta el verde intenso con peciolos de 30 cm con espinas largas y afiladas en la base, con 20 a 40 hojas por corona.

palm.Sen.

### Froito Fruto

Dátiles. Moi nutritivos. Oblongo-ovoides, de 3 a 9 cm de lonxitude, de cor laranxa, con exocarpo liso, mesocarpo carnoso e endocarpo membránaceo, pasando a vermello-castaño ao madurar.

Dátiles. Muy nutritivos. Oblongo-ovoides, de 3 a 9 cm de longitud, de color naranja, con exocarpo liso, mesocarpo carnoso y endocarpo membránaceo, pasando a rojo-castaño al madurar.



### Flor
### Flor

Unisexuais. Os floretes masculinos de cor amarelo pálido e os femininos son pequenos, globosos e de cor amarelo-verde.

Unisexuales. Los floretes masculinos son de color amarillo pálido y los femeninos son pequeños, globosos y de color amarillo-verde.



Palmeira de Senegal
Palmera de Senegal

O nome "reclinata" fai mención ao crecemento inclinado dos madeiros.

El nombre "reclinata" hace mención al crecimiento inclinado de los troncos.



## 3. Investiga :: A Palmeira de Senegal La Palmera de Senegal

Pola fermosa sebe de que flor está rodeada a emblemática Palmeira de Senegal do Xardín Artístico de Padrón?

¿Por el hermoso seto de qué flor está rodeada la emblemática Palmera de Senegal del Jardín Artístico de Padrón?



# Secuoias vermellas

## Secuoyas rojas

*Secuoia Sempervirens (D.Don) Endl.*




150 anos años
Taxodiácea

As dúas grandes e lucidas Secuoias Vermellas conviven en harmonía coa demáis vexetación do Xardín Botánico amosando dende metros de distancia as súas monumentais copas; mais elas puideron ter o privilexio de inspirar os sentidos versos á poetisa galega máis ilustre, **Rosalía de Castro.** Segundo se conta, Rosalía gozaba paseando por este xardín, e adoitaba sentarse nun banco ao carón das secuoias a escribir, motivo polo que a secuoia maior foi bautizada co seu nome. A secuoia de menor tamaño tamén ten a honra de ser chamada polo nome doutro poeta ilustre de Padrón: **Macías o Namorado.**

Las dos grandes y lucidas Secuoyas Rojas conviven en armonía con la demás vegetación del Jardín Botánico mostrando desde metros de distancia sus monumentales copas; mas ellas pudieron tener el privilegio de inspirar los sentidos versos a la poetisa gallega más ilustre, **Rosalía de Castro**. Según se cuenta, Rosalía disfrutaba paseando por este jardín, y solía sentarse en un banco al lado de las secuoyas a escribir, motivo por el que la secuoya mayor fue bautizada con su nombre. La secuoya de menor tamaño también tiene el honor de ser llamada por el nombre de otro poeta ilustre de Padrón: **Macías o Namorado**.




**MACÍAS O NAMORADO** **MACÍAS EL ENAMORADO**

As Secuoias Vermellas do Xardín están adicadas a **Rosalía de Castro** e a **Macías o Namorado.**

El foi un Trobador e poeta medieval galego, nado en Padrón no século XIV/XV, de familia nobre e educado nas letras e as ciencias. Deixou moi mozo Carcacía, a súa terra natal, para converterse en doncel de don Enrique de Aragón, momento no que coñeceu á que sería a súa amada. Viviu para un so amor e morreu dunha soa ferida, traxicamente, en Arjonilla (Jaén). Outórganselle 21 poemas do Cancionero de Baena e unha **lenda*** de namorado atrevido da que hai actualmente diversas crónicas coincidentes no seu desenlace.

Las Secuoyas Rojas del Jardín están dedicadas a **Rosalía de Castro** y a **Macías o Namorado**.

Él fue un Trovador y poeta medieval gallego, nacido en Padrón en el siglo XIV/XV, de familia noble y educado en las letras y las ciencias. Dejó muy joven Carcacía, su tierra natal, para convertirse en doncel de don Enrique de Aragón, momento en el que conoció a la que sería su amada. Vivió para un solo amor y murió de una sola herida, trágicamente, en Arjonilla (Jaén). Se le otorgan 21 poemas del Cancionero de Baena y una **leyenda*** de enamorado atrevido de la que hay actualmente diversas crónicas coincidentes en su desenlace.





**Folla Hoja**

Perennifolia, de folla simple, disposición alterna/espiral, con forma de agullas (filiforme), bordo enteiro, de cor verde.

Perennifolio, de hoja simple, disposición alterna/espiral, con forma de aguja (filiforme), borde entero, de color verde.

**Froito Fruto**

Piña. De forma ovalada/redondeada, cor marrón, cuberta dura e seca, pequeno tamaño, discreto, non chamativo.

Piña. De forma oval/redondeada, color marrón, cubierta dura y seca, pequeño tamaño, discreto, no llamativo.

**Flor Flor**

Unisexuais monoicas. Discreta e non chamativa.

Unisexuales monoicas. Discreta y no llamativa.



Secuoia Vermella
Secuoya Roja



A secuoia vermella é a conífera máis alta que existe, sendo a maior do mundo de 115,61m de altura sen contar as raíces.

La secuoya roja es la conífera más alta que existe, siendo la mayor del mundo de 115,61m de altura sin contar las raíces.



Macías O Namorado
Macías El Enamorado

*** *Macías e dona Elvira, doncela ao servizo de don Enrique de Aragón***

***Macías y doña Elvira, doncella al servicio de don Enrique de Aragón***

*Sendo Macías escudeiro de don Enrique de Aragón, marqués de Villena, namorouse dunha doncela de clase alta que estaba ao servizo de aquel, dona Elvira, coa que mantivo un secreto romance. Neste momento, o trobador padronés foi chamado á batalla, integrándose nas forzas que ían loitar a Granada, en tanto que don Enrique casou a súa dama Elvira cun fidalgo moi rico de Porcuna, Hernán Pérez de Vadillo.*

*Siendo Macías escudero de don Enrique de Aragón, marqués de Villena, se enamoró de una doncella de clase alta que estaba al servicio de aquél, doña Elvira, con la que mantuvo un romance secreto. En este momento, el trovador padronés fue llamado a la batalla, integrándose en las fuerzas que iban a luchar a Granada, en tanto que don Enrique casó a su dama Elvira con un hidalgo muy rico de Porcuna, Hernán Pérez de Vadillo.*

*Á súa volta e a pesar do compromiso de Elvira, ambos seguiron a súa relación sentimental, polo que don Enrique amoestou ao poeta galego severamente. Facendo este caso omiso das súas advertencias, Macías foi encarcelado na torre de Arjonilla, tempo que adicou a cantar os seus amores con dona Elvira. Esta imprudencia acabou no seu sacrificio por parte do esposo ofendido, Hernán Pérez, quen, segundo a versión desta historia, matou ao trobador cunha lanza mentres clamaba os seus amores en poemas.*

*A su vuelta y a pesar del compromiso de Elvira, ambos siguieron su relación sentimental, por lo que don Enrique amonestó el poeta gallego severamente. Haciendo este caso omiso de sus advertencias, Macías fue encarcelado en la torre de Arjonilla, tiempo que dedicó a cantar sus amores con doña Elvira. Esta imprudencia acabó en su sacrificio por parte del esposo ofendido, Hernán Pérez, quien, según la versión de esta historia, mató al trovador con una lanza mientras clamaba sus amores en poemas.*

## 4. Xogo :: Rodeade a árbore
## Juego :: Rodead el árbol

Xuntádevos varios do grupo e rodeade calquera dos dous exemplares de Secuoia Vermella cos brazos extendidos. Cantos necesitades ser? Saberías calcular o seu perímetro?

Juntaos varios del grupo y rodead cualquiera de los dos ejemplares de Secuoya Roja con los brazos extendidos. ¿Cuántos necesitáis ser? ¿Sabríais calcular su perímetro?



# Castiñeiro de Indias
## Castaño de Indias

*Aesculus Hippocastanum L.*

100 anos años
Sapindácea




A pesar de ser moitos os Castiñeiros de Indias que se poden atopar en xardíns e parques de toda a xeografía galega, o que podemos atopar no Xardín Botánico Artístico de Padrón é realmente senlleiro, non só pola súa magnitude, senón tamén pola liberdade do seu crecemento (nunca foi tratado nin limitado pola man humana). Na época propia de floración cóbrese dun manto de flores brancas moi características, para máis tarde nos agasallar co seu froito máis prezado: as **castañas de indias***.

A pesar de ser muchos los Castaños de Indias que se pueden encontrar en jardines y parques de toda la geografía gallega, el que podemos encontrar en el Jardín Botánico Artístico de Padrón es realmente singular, no sólo por su magnitud, sino también por la libertad de su crecimiento (nunca fue tratado ni limitado por la mano humana). En la época propia de floración se cubre de un manto de flores blancas muy características, para más tarde regalarnos su fruto más preciado: las **castañas de indias***.

castiñeiro

### * Froito Fruto

Cápsula carnosa con pugas brandas que se desfai en 3 partes para liberar as sementes, que teñen pel marrón escura e base cunha notable marca clara. Non comestible.

Cápsula carnosa con púas blandas que se deshace en 3 partes para liberar las semillas, que tienen piel color marrón oscura y base con una marca clara. No comestible.



* *"Hippocastanum = castaña de **cabalos**". Este nome ven dos turcos, os cales dábanlle aos cabalos vellos este froito para comer, aliviar a tose e o asma.*

* *"Hippocastanum = castaña de **caballos**". Este nombre viene de los turcos, los cuales le daban a los caballos viejos este fruto para comer, aliviar la tos y el asma.*






**Flor Flor**

Polígamas. Branco-rosadas de abril a maio.

Polígamas. Blanco-rosadas de abril a mayo.



**Folla Hoja**

Caducifolia, de folla composta, de disposición palmeada, forma ovalada e bordo dentado.

Caducifolio, de hoja compuesta, disposición palmeada, forma ovalada y borde dentado.




**A LAMPREA LA LAMPREA**

Moi preto do Xardín Botánico atopamos o **Río Ulla**, e nel durante uns meses ao ano poderemos ver a **Lamprea**.

Muy cerca del Jardín Botánico encontramos el **Río Ulla**, y en él durante unos meses al año podremos ver la **Lamprea**.

Sen dúbida o seu aspecto (pouco agraciada cara e xelatinoso tacto) non lle fai xustiza en comparación co seu sabor. De feito, a lamprea é un dos máis ricos manxares obtidos nas frías augas do Ulla. O seu sabor é para moitos peculiar e único, sendo a primavera o momento ideal para as persoas que desexen degustalo.

Sin duda su aspecto (poco agraciada cara y gelatinoso tacto) no le hace justicia en comparación con su sabor. De hecho, la lamprea es uno de los más ricos manjares obtenidos en las frías aguas del Ulla. Su sabor es para muchos peculiar y único, siendo la primavera el momento ideal para las personas que deseen degustarlo.

Os bos exemplares cáptanse no río, durante a súa subida para desovar. En Padrón son aínda capturadas en Herbón, onde están en uso as pesqueiras, unhas comportas instaladas en plena corrente polas que o animal ten que pasar para cumprir co seu ciclo vital. As pesqueiras son empregadas dende os tempos dos romanos, quen (...)

castiñeiro

(...) deleitados por este peixe primitivo enviaban este manxar envasado en vasillas de barro ata a capital do Imperio.

Los buenos ejemplares se capturan en el río, durante su subida para desovar. En Padrón son capturadas aún en Herbón, donde están en uso las pesqueras, unas compuertas instaladas en plena corriente por las que el animal tiene que pasar para cumplir con su ciclo vital. Las pesqueras son empleadas desde los tiempos de los romanos, quien deleitados por este pescado primitivo enviaban este manjar envasado en vasijas de barro hasta la capital del Imperio.

En calquera das múltiples formas de cociñala, utilízase a súa propia sangue e viño tinto, sendo importante dominar a súa limpieza para obter un sabor adecuado, extraendo, entre outras vísceras, o fel. De todas as variedades, a receita máis padronesa é en empanada. Trátase dunha forma centenaria admirada culinariamente polos padais máis exquisitos.

En cualquiera de las múltiples formas de cocinarla, se utiliza su propia sangre y vino tinto, precisando dominar su limpieza para obtener un sabor adecuado, extrayendo, entre otras vísceras, la hiel. De todas las variedades, la receta más padronesa es en empanada. Se trata de una forma centenaria admirada de forma culinaria por los paladares más exquisitos.



Castiñeiro de Indias
Castaño de Indias



O forte engrosamento na base do tronco sírvelle para soportar con estabilidade a robusta, ampla e equilibrada copa.

El fuerte engrosamiento en la base del tronco le sirve para soportar con estabilidad la robusta, amplia y equilibrada copa.

castiñeiro

## 5. Algunha vez xogaches? :: Conkers
## ¿Jugaste alguna vez?



Xogo dos conkers
Juego de los conkers

Nace en 1848 en Gran Bretaña e Irlanda e xógase cunha castaña de indias (*conker*). Participan dúas persoas, canda unha cun conker enroscado nun anaco de corda (perfórase a castaña, se lle pasa unha corda polo burato e se lle fai un nó). Collendo o teu conker pola corda intenta bater o do teu contrincante (o cal deixa extendido). Un golpe cada un. Quen rompa a do adversario, gaña un punto.

Nace en 1848 en Gran Bretaña e Irlanda y se juega con una castaña de indias (*conker*). Participan dos personas, cada una con un conker enroscado en un trozo de cuerda (se perfora la castaña, se le pasa una cuerda por el agujero y se le hace un nudo). Cogiendo tu conker por la cuerda, intenta batir el de tu contrincante (el cual deja extendido). Un golpe cada uno. Quien rompa la del adversario, gana un punto.



# Oliveira
## Olivo

*Olea Europaea L.*

250 anos años
Oleácea

Un conxunto de catro oliveiras centenarias presiden os muros do Cemiterio de Adina (Iria Flavia). Testemuñas vivas de máis de douscentos anos de historia, estas oliveiras custodian silenciosas o descanso das almas dos milleiros de veciños alí soterrados. Cómpre destacar que baixo unha destas significativas oliveiras atópase a sepultura do coñecido Premio Novel de Literatura o padronés **Don Camilo José Cela.**

9,40m
10m
6,10m
9,40m

Un conjunto de cuatro olivos centenarios presiden los muros del Cementerio de Adina (Iria Flavia). Testigos vivos de más de doscientos años de historia, estos olivos custodian silenciosas el descanso de las almas de los millares de vecinos allí soterrados. Hay que destacar que bajo uno de estos significativos olivos se encuentra la sepultura del conocido Premio Nobel de Literatura el padronés **Don Camilo José Cela.**




oliveira

Cemiterio de Adina en Iria Flavia

Cementerio de Adina en Iria Flavia




**IGREXA DE SANTA MARÍA A MAIOR DE IRIA FLAVIA - ANTIGA COLEXIATA**

**IGLESIA DE SANTA MARÍA LA MAYOR DE IRIA FLAVIA - ANTIGUA COLEGIATA**

Antiga Sede Episcopal e considerada como o primeiro templo mariano do mundo, a Igrexa de Santa María A Maior de Iria Flavia é unha das máis antigas de Galicia, sendo San Agatadoro o primeiro en ocupar a cadeira episcopal no ano 40 da nosa Era. Tal e como indica o seu nome, está situada en Iria, a cal Vespasiano, antigo emperador romano, elevou á consideración de municipio, e desde entón coñécese como Iria Flavia.

Antigua Sede Episcopal y considerada como el primer templo mariano del mundo, la Iglesia de Santa María A Maior de Iria Flavia es una de las más antiguas de Galicia, siendo San Agatadoro el primero en ocupar la silla episcopal en el año 40 de la nuestra Era. Tal y como indica su nombre, está situada en Iria, la cual Vespasiano, antiguo emperador romano, elevó a la consideración de municipio, y desde entonces se conoce como Iria Flavia.

(...)



**Flor Flor**

Polígamas. Estreladas. Moi pequenas. Brancas. Olorosas. Maio-xuño.

Polígamas. Estrelladas. Muy pequeñas. Blancas. Olorosas. Mayo-junio.

**Folla Hoja**

Perennifolia, de folla simple, disposición opuesta, forma oblongo-lanceolada.

Perennifolio, de hoja simple, disposición opuesta, forma oblongo-lanceolada.

**Froito Fruto**

Drupa (oliva). Ovoide. 3,5 cm. Primeiro verde, despois negra e violeta. Carnosa. Carne oleosa. Outubro-decembro

Drupa (aceituna). Ovoide. 3,5 cm. Primero verde, luego negro y violeta. Carnoso. Carne oleosa. Octubre-diciembre.

oliveira

(...) Iria Flavia foi testemuña durante séculos da nosa historia, e entre os seus muros garda os relatos que conformaron o que hoxe é Terras de Iria. Aquí foron enterrados 28 bispos Santos, feito do que dan fe os sarcófagos antropomorfos que se atoparon nas escavacións arqueolóxicas, así como outros obxectos. Ademais, no cemiterio da Igrexa, están soterrados, dende o 2002, os restos do Premio Nobel de Literatura Camilo José Cela, e alí tamén foi enterrada a poetisa padronesa Rosalía de Castro, tal e como era o seu desexo, aínda que anos despois se trasladaron os seus restos ao Panteón de Galegos Ilustres, en Santiago de Compostela.

Iria Flavia fue testigo durante siglos de nuestra historia, y entre sus muros guarda los relatos que conformaron lo que hoy es Tierras de Iria. Aquí fueron enterrados 28 obispos Santos, hecho de lo que dan fe los sarcófagos antropomorfos que se encontraron en las excavaciones arqueológicas, así como otros objetos. Además, en el cementerio de la Iglesia, están enterrados, desde el 2002, los restos del Premio Nobel de Literatura Camilo José Cela, y allí también fue enterrada la poetisa padronesa Rosalía de Castro, tal y como era su deseo, aunque años después se trasladaron sus restos al Panteón de Gallegos Ilustres, en Santiago de Compostela.

E como non podía ser doutro modo, Iria sempre estivo ligada á figura de Santiago Apóstolo, e foi Teodomiro, Bispo de Iria, quen deu a coñecer o sepulcro de Santiago.

Y Como no podía ser de otro modo, Iria siempre estuvo ligada a la figura de Santiago Apóstolo, y fue Teodomiro, Obispo de Iria, quién dio a conocer el sepulcro de Santiago.



Igrexa de Iria Flavia
Iglesia de Iria Flavia



As catro oliveiras forman un harmonioso conxunto de gran fermosura.
Los cuatro olivos forman un armonioso conjunto de gran hermosura.

## 6. Visita :: Fundación P.G. Camilo José Cela

oliveira

*Visitaches a Fundación P.G. Camilo José Cela?* Enfronte do cemiterio de Iria Flavia encóntrase a Fundación Pública Galega Camilo José Cela e dispón dun programa educativo encamiñado a divulgar a figura e a obra de Camilo José Cela e a fomentar a literatura e a cultura en todos os seus aspectos. A proposta educativa da Fundación inclúe exposicións temporais, visitas didácticas, talleres, etc.

*Has visitado la Fundación P.G. Camilo José Cela?* Enfrente del cementerio de Iria Flavia se encuentra la Fundación Pública Gallega Camilo José Cela y dispone de un programa educativo encaminado a divulgar la figura y la obra de Camilo José Cela y a fomentar la literatura y la cultura en todos sus aspectos. La propuesta educativa de la Fundación incluye exposiciones temporales, visitas didácticas, talleres, etc.



# Figueira
## Higuera

*Ficus Carica L.*

" *Miña terra, miña terra*
*terra onde m'eu criei,*
*hortiñas que quero tanto*
*figueiriñas que prantei.* "

**Adiós Ríos**
Cantares Gallegos
*Rosalía de Castro*

*150 anos años*
*Morácea*

A nosa poetisa máis universal puido ter escrito os citados versos embriagada pola morriña ao verse fóra de Galicia, e lembrar o día que plantou esta figueira na horta da súa casa familiar de A Matanza, fogar que tan bos momentos lle agasallou a ela e aos seus.

Nuestra poetisa más universal pudo haber escrito los citados versos embriagada por la añoranza al verse fuera de Galicia, y recordar el día que plantó esta higuera en la huerta de su casa familiar de A Matanza, hogar que tan buenos momentos le regaló a ella y a los suyos.




Pésanlle os anos á figueira de Rosalía, mais a súa forza simbólica permanece inalterable, e a súa presenza no xardín da Casa Museo Rosalía de Castro xoga a ser un elemento de conexión entre os visitantes e a memoria da escritora.

Le pesan los años a la higuera de Rosalía, mas su fuerza simbólica permanece inalterable, y su presencia en el jardín de la Casa Museo Rosalía de Castro juega a ser un elemento de conexión entre los visitantes y la memoria de la escritora.

## Casa Museo Rosalía de Castro
## Casa Museo Rosalía de Castro




**ROSALÍA DE CASTRO**

Rosalía de Castro, filla da fidalga María Teresa de Castro e Abadía, con orixe na Arretén (Padrón), naceu en Santiago de Compostela en 1837 e foi bautizada como filla de pai incógnito. Criouse coa súa nai en Padrón; despois trasladouse con ela a Compostela, onde se formou; e logo a Madrid, lugar onde se publicou o seu primeiro libro de poemas (*La flor*, 1857) e onde coñeceu e casou con Manuel Murguía.

Rosalía de Castro, hija de la hidalga María Teresa de Castro y Abadía, con origen en la Arretén (Padrón), nació en Santiago de Compostela en 1837 y fue bautizada como hija de padre desconocido. Se crió con su madre en Padrón; después se trasladó con ella Compostela, donde se formó; y luego a Madrid, lugar donde se publicó su primer libro de poemas (La flor, 1857) y donde conoció y se casó con Manuel Murguía.

Escritora de prosa e verso, co libro *Cantares Gallegos* (1863) situouse á fronte do Rexurdimento cultural de Galicia e con *Follas Novas* (1880) elevou a poesía galega aos máis altos cumes da súa historia. En castelán destaca coa novela *El caballero de las botas azules* (1867) e coa súa derradeira obra *En las orillas del Sar* (1884).

Escritora de prosa y verso, con el libro Cantares Gallegos (1863) se situó al frente del "Resurgimiento" cultural de Galicia y con *Follas Novas* (1880) elevó la poesía gallega a las más altas cimas de su historia. En castellano destaca con la novela *El caballero de las botas azules* (1867) y con su última obra *En las orillas del Sar* (1884).

Na súa vida andou deambulando por diferentes vilas e cidades de Galicia e de fóra, e pasou os seus últimos anos na Casa da Matanza (Padrón), onde faleceu en 1885, con corenta e oito anos. Foi enterrada no cemiterio de Adina (Santa María de Iria, Padrón) e en 1981 foi trasladada ao Panteón de Galegos Ilustres de San Domingo de Bonaval (Santiago).

En su vida anduvo deambulando por diferentes villas y ciudades de Galicia y de fuera, y pasó sus últimos años en la Casa de la Matanza (Padrón), donde falleció en 1885, con cuarenta y ocho años. Fue enterrada en el cementerio de Adina (Santa María de Iria, Padrón) y en 1981 fue trasladada al Panteón de Gallegos Ilustres de Santo Domingo de Bonaval (Santiago).



### Folla Hoja

Caducifolia, de folla simple, disposición alterna, con forma palmeado-lobulada, bordo ondulado. Face de cor verde escuro. Envés pálido con pelos ríxidos ásperos.

Caducifolio, de hoja simple, disposición alterna, con forma palmeado-lobulada, borde ondulado. Haz de cor verde oscuro. Envés pálido con pelos rígidos ásperos.

### Flor Flor

Unisexuais monoicas. Moi pequenas. Maio e xuño.

Unisexuales monoicas. Muy pequeñas. Mayo y junio.

### Froito Fruto

Figo. Globoso ou piriforme, de cor verde, verde-amarelo ou morado. e polpa carnosa e doce. Comestibles. En agosto e setembro.

Higo. Globoso o piriforme, de color verde, verde-amarillo o morado. y pulpa carnosa y dulce. Comestibles. En agosto y septiembre

**CASA-MUSEO ROSALÍA DE CASTRO** CASA-MUSEO ROSALÍA DE CASTRO

No outono de 1947 créase o Padroado de Rosalía de Castro coa fin de arranxar a Casa da Matanza, que sería restaurada en 1971 e convertida en Casa-Museo en 1972. A Fundación, que continúa co labor do Padroado, é a actual propietaria.

En el otoño de 1947 se crea el Patronato de Rosalía de Castro con el fin de arreglar la Casa de la Matanza, que sería restaurada en 1971 y convertida en Casa-Museo en 1972. La Fundación, que continúa con la labor del Patronato, es la actual propietaria.

Neste espazo proponse un percorrido polos acontecementos que marcaron a vida e a obra rosaliana. Na planta baixa, denominada "O perfil dunha sombra", o visitante pode apreciar a verdadeira dimensión desta emblemática figura da cultura galega e universal: a súa vida, o contorno que a rodea e a relación do pobo galego coa figura da escritora.

En este espacio se propone un recorrido por los acontecimientos que marcaron la vida y la obra rosaliana. En la planta baja, denominada "El perfil de una sombra", el visitante puede apreciar la verdadera dimensión de esta emblemática figura de la cultura gallega y universal: su vida, el contorno que la rodea y la relación del pueblo gallego con la figura de la escritora.

Na primeira planta, denominada "O seu", proponse a recreación ambiental dunha casa rural de época, entre campesiña e fidalga.

En la primera planta, denominada "Lo suyo", se propone la recreación ambiental de una casa rural de época, entre campesina e hidalga.

Desde a súa apertura ao público, a Casa-Museo de Rosalía de Castro converteuse nunha referencia emblemática da cultura galega, xa que é a casa que garda a memoria de quen é considerada a escritora nacional de Galicia.

Desde su apertura al público, la Casa-Museo de Rosalía de Castro se convirtió en una referencia emblemática de la cultura gallega, ya que es la casa que guarda la memoria de quien es considerada la escritora nacional de Galicia.


Casa-Museo Rosalía de Castro
Casa-Museo Rosalía de Castro


Figueira
Higuera

Figueira

## 7. Completa :: Escribe as palabras que faltan
## Escribe las palabras que faltan

- Te _______... ¿Por qué me odias?
- Te _______... ¿Por qué me amas?
Secreto es éste el más triste
y misterioso del _______.

Mas ello es _______... ¡Verdad
dura y atormentadora!
- Me odias porque te amo;
te amo porque me odias.

**Te amo ¿por qué me odias**
Orillas del Sar
*Rosalía de Castro*



# Palmeira datileira
## Palmera datilera
*Phoenix Dactylifera L.*

125-150 anos años
Arecácea




Sorprende en Galicia a presenza de Palmeiras Datileiras, aínda que son ben coñecidas en todo o mundo, tanto pola magnitude que poden chegar a acadar coma polo seu recoñecido e prezado froito: os dátiles.

Sorprende en Galicia la presencia de Palmeras Datileras, aunque son bien conocidas en todo el mundo, tanto por la magnitud que pueden llegar a alcanzar como por su reconocido y preciado fruto: los dátiles.

A Palmeira datileira de Padrón foi plantada xunto a outra compañeira da mesma especie (seguindo a tradición iniciada no século XV por Juan Rodríguez de la Cámara, escritor pre-renacentista de Padrón) que secou e pereceu, mais no ano 2010 un grupo de ex alumnos do Convento de Herbón plantaron no mesmo lugar outro exemplar similar.

La Palmera datilera de Padrón fue plantada junto a otra compañera de la misma especie (siguiendo la tradición iniciada en el siglo XV por Juan Rodríguez de la Cámara, escritor pre-renacentista de Padrón) que se secó y pereció, mas en el año 2010 un grupo de ex alumnos del Convento de Herbón plantaron en el mismo lugar otro ejemplar similar.

### Folla Hoja

Perennifolia, folla pinnada, espiñosa, de 1,5 a 5m de lonxitude, cor glauca.

Perennifolio, hojas pinnadas, espinosas, de 1,5 hasta 5 m de longitud, color glauco.

### Froito Fruto

Dátiles. Oblongo-ovoides, 3 a 9 cm, cor laranxa pasando a vermello-castaño ao madurar.

Dátiles. Oblongo-ovoides, 3 a 9 cm, color naranja pasando a rojo-castaño al madurar.





### Flor Flor

Dioica. Cor crema as masculinas e amarelas as femininas.

Dioica. Color crema las masculinas y amarillas las femeninas.







**CONVENTO DE SANTO ANTONIO DE HERBÓN** CONVENTO DE SAN ANTONIO DE HERBÓN

Nas fértiles terras da parroquia padronesa de Herbón sitúase o Convento de Santo Antonio, mostra franciscana por excelencia.

En las fértiles tierras de la parroquia padronesa de Herbón se sitúa el Convento de Santo Antonio, muestra franciscana por excelencia.

Neste val bañado polas augas do Sar e do Ulla, instalouse esta orde en 1396 e perdurou no tempo durante máis de seis séculos, chegando aos nosos días.

En este valle bañado por las aguas del Sar y del Ulla, se instaló esta orden en 1396 y perduró en el tiempo durante más de seis siglos, llegando a nuestros días.

Este convento é o punto orixinario nas nosas terras de onde sae un dos recursos máis prezados de todo o territorio de Terras de Iria, os pementos de Herbón, traídos desde as Américas por un dos franciscanos que percorreu aquelas terras no século XVI-XVII, e que permitiron proxectar Padrón ao escenario gastronómico nacional e internacional.

Este convento es el punto originario en nuestras tierras de donde sale uno de los recursos más preciados de todo el territorio de Tierras de Iria, los pimientos de Herbón, traídos desde las Américas por uno de los franciscanos que recorrió aquellas tierras en el siglo XVI-XVII, y que permitieron proyectar Padrón al escenario gastronómico nacional e internacional.




**O PEMENTO DE HERBÓN** EL PIMIENTO DE HERBÓN

Nesta parroquia padronesa cultívanse os famosos pementos de Herbón. Quizais os foráneos os identifiquen como pementos de Padrón, variedade comercial estendida, pero é realmente aquí onde, mediante técnicas ancestrais, se cultivan estes pequenos manxares que non pasan desapercibidos aos padais.

En esta parroquia padronesa se cultivan los famosos pimientos de Herbón. Quizás los foráneos los identifiquen como pimientos de Padrón, variedad comercial extendida, pero es realmente en Herbón donde, mediante técnicas ancestrales, se cultivan estos pequeños manjares que no pasan desapercibidos a los paladares.

O orixe do pemento en terras galegas remóntase ao século XVII e vincúlase coas sementes traídas polos monxes franciscanos ao convento de Herbón, procedentes do estado mexicano de Tabasco.

El origen del pimiento en tierras gallegas se remonta al siglo XVII y se vincula con las semillas traídas por los monjes franciscanos al convento de Herbón, procedentes del estado mexicano de Tabasco. (...)

(...) O pemento de Herbón recóllese en estado inmaduro. As antigas técnicas de cultivo, unidas ás características climáticas, outórganlle unhas características especiais. Caracterízanse pola cor verde, lixeiramente clara, a súa lonxitude de entre os 3,5 e os 5,5cm e o seu diámetro máximo de entre 1,5 e 2cm.

El pimiento de Herbón se recoge en estado inmaduro. Las antiguas técnicas de cultivo, unidas a las características climáticas, le otorgan unas características especiales. Se caracterizan por el color verde, ligeramente claro, su longitud de entre 3,5 y 5,5cm de longitud y su diámetro máximo de entre 1,5 y 2 cm.

O picor conforma parte da esencia desta especie, aparecendo, ou non, de modo ocasional. Recordade a coñecida frase popular *Uns pican en outros non.*

El picor conforma parte de la esencia de esta especie, apareciendo, o no, de modo ocasional. Recordad la conocida frase popular *Unos pican en otros no.*

En Padrón existen arredor de 14 hectáreas de invernadoiros e 20 hectáreas ao aire libre destinadas ao cultivo do pemento. E só están no mercado entre maio e outubro.

En Padrón existen alrededor de 14 hectáreas de invernaderos y 20 hectáreas al aire libre destinadas al cultivo del pimiento. Y sólo están en el mercado entre mayo y octubre.

En 2009 recoñécese o pemento de Padrón como Denominación de Orixe Protexida.

En 2009 se reconoce el pimiento de Padrón como Denominación de Origen Protegida.


Convento de Santo Antonio de Herbón
Convento de San Antonio de Herbón


Palmeira Datileira
Palmera Datilera

# 8. Por qué...? O sistema de refrixeración pasivo das palmeiras
## El sistema de refrigeración pasivo de las palmeras

*...a forma das follas das palmeiras é diferente á doutras follas?*

O aire de enriba da folla está máis quente que o de abaixo. Ao incidir os raios do sol sobre a folla, o aire de enriba ascende e o espazo que deixa é rapidamente ocupado polo aire máis frío de debaixo. Ao estar segmentada en finas e alongadas follas, a distancia que debe percorrer o aire frío para refrixerar a folla redúcese, cubrindo a superficie da mesma rapidamente.

*...la forma de las hojas de las palmeras es diferente a la de otras hojas?*

El aire de encima de la hoja está más caliente que el de abajo. Al incidir los rayos del sol sobre la hoja, el aire de encima asciende y el espacio que deja es rápidamente ocupado por el aire más frío de debajo. Al estar segmentada en finas y alargadas hojas, la distancia que debe recorrer el aire frío para refrigerar la hoja se reduce, cubriendo la superficie de la misma rápidamente.

palm.dat.



# Plátanos de Sombra

## Plátanos de Sombra

*Platanus Hispanica Mill ex Muenchh*

100-125 anos años
Platanácea

Todas as árbores deste conxunto teñen unha estrutura común: de 1 a 2 m de tronco libre de ramificacións para logo formar a cruz, da que saen as ramas principais, moi abertas e orientadas en todas as direccións, para cubrir o maior espazo posible, configurando copas moi amplas e regulares.

Todos los árboles de este conjunto tienen una estructura común: de 1 a 2 m de tronco libre de ramificaciones para luego formar la cruz, de la que salen las ramas principales, muy abiertas y orientadas en todas las direcciones, para cubrir el mayor espacio posible, configurando copas muy amplias y regulares.

10,60m
10,10m



9,45m
5,95m

3,38m
4,02m

Estamos ante un conxunto arbóreo que viste ao longo os laterais do Paseo do Espolón. A principal misión que exercen estas árbores é a de propiciar sombra e abrigo aos transeúntes que a cotío camiñan polo emblemático e concorrido paseo padronés. As súas ponlas perfectamente esparexidas outórganlle beleza a este espazo, e fan máis agradable aínda o paseo pola beira do río Sar. (...)







(...) Estamos ante un conjunto arbóreo que viste a lo largo los laterales del Paseo del Espolón. La principal misión que ejercen estos árboles es la de propiciar sombra y abrigo a los transeúntes que constantemente caminan por el emblemático y concurrido paseo padronés. Sus ramas perfectamente esparcidas le otorgan belleza a este espacio, y hacen más agradable aún el paseo por la orilla del río Sar.

**CAMIÑO DE SANTIAGO CAMINO DE SANTIAGO**

Padrón é o primeiro gran escenario da tradición xacobea. Esta comeza cara o ano 40 despois de Cristo, coa predicación do apóstolo Santiago no próximo Monte Santiaguiño (San Gregorio) e máis tarde, coa chegada do seu corpo ao porto de Iria Flavia, situado na actual vila de Padrón, tras ser martirizado en Xerusalén.

Padrón es el primer gran escenario de la tradición jacobea. Ésta comienza hacia el año 40 después de Cristo, con la predicación del apóstol Santiago en el próximo Monte Santiaguiño (San Gregorio) y más tarde, con la llegada de su cuerpo al puerto de Iria Flavia, situado en la actual villa de Padrón, tras ser martirizado en Jerusalén.

Segundo a tradición, os seus discípulos, guiados por unha estrela e un anxo, trasladan os seus restos mortais, cara o ano 44, desde o porto de Jaffa (Palestina) ata Padrón, onde amarraron a pequena barca de pedra ao lendario Pedrón, que daría nome á vila.

Según la tradición, sus discípulos, guiados por una estrella y un ángel, trasladan sus restos mortales, hacia el año 44, desde el puerto de Jaffa (Palestina) hasta Padrón, donde amarraron la pequeña barca de piedra al legendario Pedrón, que daría nombre a la villa.

(...)



### Flor Flor

Unisexuais (Monoicas). Insignificantes. Escamosas. Abril-maio.

Unisexuales (Monoicas). Insignificantes. Escamosas. Abril-mayo.

### Folla Hoja

Caducifolia, folla simple, disposición alterna, palmado-lobuladas, bordo dentado. Face glabro, relucente; envés pálido .

Caducifolio, hoja simple, disposición alterna, palmeado-lobuladas, borde dentado. Haz glabro, reluciente; envés pálido.



### Froito Fruto

Aquenios. Claviformes. Pelosos. Pardos, pelosos, irritantes volátiles. Setembro-outubro.

Aquenios. Claviformes. Pelosos. Pardos, pelosos, irritantes, volátiles. Septiembre-octubre.



A súa codia, de cor cinsenta ou verdosa, castaña nos madeiros vellos, despréndese en placas escamosas que deixan ao descuberto manchas irregulares amarelentas ou esbrancuxadas da codia interna.

Su corteza, de color ceniciento o verdoso, castaño en los troncos viejos, se desprende en placas escamosas que dejan al descubierto manchas irregulares amarillentas o blanquecinas de la corteza interna.

(...) Padrón recibe desde a Idade Media a visita de innumerables peregrinos que veñen a coñecer o epicentro da tradición xacobea. De aí o dito: *Quen vai a Santiago e non vai a Padrón, ou fai romaría ou non.*

Padrón recibe desde la Edad Media la visita de innumerables peregrinos que vienen a conocer el epicentro de la tradición jacobeo. De ahí el dicho: *Quien va la Santiago y no va a Padrón, o hace romería o no*

Os peregrinos que realizan o Camiño pasan a diario por este paseo tan emblemático para a nosa vila.

Los peregrinos que realizan el Camino pasan a diario por este paseo tan emblemático para nuestra villa.



Peregrina no Paseo do Espolón
Peregrina en el Paseo del Espolón

## 9. Elixe a túa árbore
## Elige tu árbol

De todas as árbores que viches, elixe a túa. A que máis che guste (tócaa, míraa, escóitaa, úlea, síntea...). Cal é a túa preferida? Por que elixiches esa?

De todos los árboles que viste, elige el tuyo. El que más te guste (tócalo, míralo, escúchalo, huélelo, siéntelo...). ¿Cuál es tu preferido? ¿Por qué has elegido ése?

**SOLUCIÓNS SOLUCIONES**

1. alterna, columnar, botánico, verde, lobulado, quercus, caducifolia, piramidal

3. A Palmeira de Senegal está rodeada por unha fermosa sebe de azaleas que realza o impresionante conxunto, facéndoo se cabe máis maxestoso. La Palmera de Senegal está rodeada por un hermoso seto de azaleas que realza el impresionante conjunto, haciéndolo si cabe más majestuoso.

6. amo odio alma verdad

10. Debuxa a árbore que elixiches
Dibuja el árbol que has elegido

# Contido
# Contenido


| | | |
|---|---|---|
| Mapa de Padrón | Mapa de Padrón | 1 |
| Como ler esta guía | Como leer esta guía | 1 |
| Introdución | Introducción | 2 |
| Padrón_Un pouco de historia | Padrón_Un poco de historia | 2 |
| Carballo Fastixiado | Roble Fastigiado | 4 |
| O Banco dos Namorados | El Banco de los Enamorados | 5 |
| Coroa de Cristo | Corona de Cristo | 7 |
| Palmeira de Senegal | Palmera de Senegal | 10 |
| Secuoias vermellas | Secuoyas rojas | 13 |
| Macías O Namorado | Macías El Enamorado | 14 |
| Castiñeiro de Indias | Castaño de Indias | 16 |
| A lamprea | La lamprea | 17 |
| Oliveira | Olivo | 19 |
| Igrexa de Santa María A Maior de Iria Flavia | Iglesia de Santa María La Mayor de Iria Flavia | 20 |
| Figueira | Higuera | 22 |
| Rosalía de Castro | Rosalía de Castro | 23 |
| Casa-Museo Rosalía de Castro | Casa-Museo Rosalía de Castro | 24 |
| Palmeira datileira | Palmera datilera | 25 |
| Convento de Santo Antonio de Herbón | Convento de San Antonio de Herbón | 26 |
| O pemento de Herbón | El pimiento de Herbón | 26 |
| Plátanos de Sombra | Plátanos de Sombra | 28 |
| Camiño de Santiago | Camino de Santiago | 29 |




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Depósito legal: **C 1760-2015**